

## **BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL O DÍA 23 DE ABRIL DE 2007.**

**Sres. asistentes:**

**SR.ALCALDE – PRESIDENTE.-**

DON JUAN ANTONIO MACEIRAS BARROS. (CIM)

**SRES.CONCELLEIROS.-**

DON JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ VIDAL. (CIM)

DON JUAN JOSÉ HERVA MALLO. (PP)

DON LUIS PURRIÑOS PENA .(CIM)

DON JOSÉ PAZ TENREIRO. (PP)

DON MANUEL JOSÉ PÉREZ MARTÍNEZ .(PP)

DONA ROSARIO MANSO LÓPEZ. (CIM)

DON ANTONIO MEDÍN PENA. (PP)

DON JOSÉ MARÍA LAYA CARRIL (CIM)

DON MIGUEL ANXO ABRAIRA SOBRADO. (BNG)

DON ANTONIO CORTIZAS RODRÍGUEZ. (non adscrito)

**SRES.CONCELLEIROS AUSENTES.-**

DONA EVA VILARIÑO GÓNZALEZ. (CIM)

DON JESÚS VEIGA SABÍN. (PP)

**SR.SECRETARIA MUNICIPAL.-**

ALEJANDRA RODRÍGUEZ MENÉNDEZ.

No Local habilitado como Salón de sesión no centro social da Rúa en Miño ás trece horas do día 23 de abril de 2007, reúnen os Sres. concelleiros que se acaban de citar e coa presenza do Sr. alcalde-presidente, co obxecto de realiza-la sesión extraordinaria do Pleno Municipal segundo a seguinte orde do día:

**1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-**

Distribuíndose ós Sres. concelleiros da Corporación copia do borrador da acta do pleno correspondente ó día 16 de abril de 2007, pregúntase ós asistentes se teñen algunha observación que formular á referida acta.

Polo concelleiro non adscrito, o Sr. Cortizas manifesta que na acta da sesión no punto catro, relativo ós rogos e preguntas, a segunda das preguntas formuladas efectuoua o portavoz do BNG, e débese por conseguinte procederse á súa rectificación.

O Pleno municipal acorda, por unanimidade dos presentes, aprobar a referida acta coas correccións indicadas.

**2.- DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO ANO 2006.-**

Dáse conta do expediente relativo á liquidación do orzamento do ano 2006, quedando o pleno municipal informado.

**3.- EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2/2007.**

Visto o ditame da Comisión Municipal Informativa de Contas e Facenda do 23 de abril de 2007:

“Dáse conta da proposta da Alcaldía na que se establece :

A Alcaldía propón á Comisión de Facenda, que pola mesma se ditamine favorablemente o expediente de concesión de suplemento de crédito, e se propoña ó Pleno do Concello a adopción de acordo, con fundamento na seguinte EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Na memoria adxunta ó expediente, expóñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Vistos os informes e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sométese ó ditame desta Comisión a seguinte

#### **PROPOSTA DE ACORDO:**

1º. Aproba-lo expediente nº 02/2007 de Suplemento de Créditos por un importe global de 37.800,00 € financiado con Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais, conforme o seguinte detalle:

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE (€)
432/227.06	Urbanismo e arquitectura, estudos e traballos técnicos	30.000,00
451/489.01	Promoción e difusión da cultura. Outras transferencias	4.000,00
911/489.00	Transferencias a outras administracións públicas. Outras transferencias	800,00
433/226.09	Medio ambiente. Outros gastos	3.000,00
TOTAL		37.800,00 euros

2º.- Financia-lo expediente núm. 02/2007 de suplementos de créditos mediante Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais.

3º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do RDL2/2004, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do apartado 1 do presente acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

4º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións.

Os señores reunidos acordan, por unanimidade, reservarse a opinión relativa á aprobación da proposta de acordo para o Pleno.”

A continuación ábrese a primeira rolda de intervencións:

Polo BNG, o Sr.Anxo expón que o que vai manifestar no seguinte punto é extensivo ós puntos 3, 4, 5, 6, sinalando que no presente Pleno se levan expedientes de modificacións de créditos que supoñen un montante realmente importante de cartos, entre 4.000.0000 e 5.000.000 millóns de euros, e que se ben é certo que algunhas das obras son importante e necesarias, outros proxectos non son tan prioritarios como pode ser a realización de certos estudos, e considera que non é lóxico que ditas modificacións orzamentarias sexan aprobadas por un pleno en funcións.

O alcalde – presidente, en contestación á intervención do Sr. Anxo, manifesta que dentro dos estudos obxecto de aprobación se atopa o que o BNG solicitou, e que os motivos polos que os expedientes de modificación de créditos se aproban no presente pleno non son imputables ó Concello, xa que a Deputación tivo unha serie de dificultades técnicas que motivaron que o peche do exercicio anterior se demorara moito no tempo, que os expediente de modificación de créditos responden cartos xestionados polo equipo de goberno no ano pasado e que as obras que se pretenden facer con ditas modificacións son necesarias e que por conseguinte a aprobación dos mesmos entra dentro do razoable e o ético.

Polo PP, o Sr. Herva expón que a maioría das obras están financiadas en máis dun 50% con cartos do ano pasado, que a licitación das obras estaba prevista para principios do ano, pero que debido a dificultades técnicas da Deputación co programa informático o peche do exercicio 2006 demorouse no tempo máis do previsto, que se trata de obras que requiren para a súa correcta realización de bo tempo, polo que consideran que o momento adecuado é o verán, que se non se fan agora habería que esperar á formación da nova corporación, o cal a súa vez suporá atrasalas a outubro cando as condicións climatolóxicas non son tan favorables.

Sometida a proposta de acordo a votación, obtense o seguinte resultado:  
11 votos a favor do CIM, PP, CONCELLEIRO NON ADSCRITO e BNG.  
Queda aprobada a proposta de acordo relativa ó expediente de suplemento de crédito 2/2007, por unanimidade dos presentes.

#### **4.- EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2007.**

Visto o ditame da Comisión Municipal Informativa de Contas e Facenda do 23 de abril de 2007:

“Dáse conta da proposta da Concellería de Facenda na que se establece:

Proponse á Comisión de Facenda, que pola mesma se ditamine favorablemente o expediente de concesión de créditos extraordinarios nº 01/2007, e se propoña ó Pleno do Concello a adopción do acordo, con fundamento na seguinte EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Na memoria adxunta ó expediente, expóñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Visto o informe e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sométese a esta Comisión a seguinte **PROPOSTA:**

1º. Ditaminar favorablemente o expediente núm. 01/2007 de créditos extraordinarios por un importe global de 3.649.561,75 € financiado con Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais, conforme o seguinte detalle:

Partidas que se crean mediante o crédito extraordinario:

<b>PARTIDA</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE</b>
432/22713	Urbanismo e arquitectura. Estudos e traballos técnicos	30.000,00
432/611.01	Urbanismo e arquitectura. Investimentos de reposición en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral. Obra da Capela de Guadalupe	21.000,00
121/625.00	Administración xeral. Mobiliario Casa do Concello	100.000,00
432/622.00	Urbanismo e arquitectura. Investimentos novos asociados ó funcionamento operativo dos servizos. Almacén agrario en Sombreu	26.092,69
751/200.00	Turismo. Arrendamentos de terreos e bens naturais.	15.000,00
521/227.09	Comunicacións. Estudos e traballos técnicos. Mapa de cobertura telefónica	6.000,00
121/626.00	Administración xeral. Equipos procesos de información.	3.000,00
451/22713	Promoción e difusión da cultura. Outros contratos.	15.000,00

751/625.00	Turismo. Mobiliario.	1.400,00
432/611.02	Urbanismo e arquitectura. Investimentos de reposición en infraestrutura e bens dedicados ao uso xeral.	5.000,00
452/227.11	Educación física, deportes e esparexemento. Outros contratos: control de accesos	25.000,00
511/623.00	Estradas, camiños e vías públicas urbanas. Maquinaria	95.000,00
451/635.00	Promoción e difusión da cultura. Investimentos de reposición asociada ó funcionamento operativo dos servizo. Mobiliario	1.900,00
751/227.09	Turismo. Outros contratos	7.000,00
511/601.00	Estradas, camiños e vías públicas urbanas. Investimento novo en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	331.609,79
511/601.01	Estradas, camiños e vías públicas urbanas. Investimento novo en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	183.511,65
511/60102	Estradas, camiños e vías públicas urbanas. Investimentos novos en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	15.000,00
432/601.00	Urbanismo e arquitectura. Investimento novo en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral.	39.283,01
432/601.01	Urbanismo e arquitectura. Investimento novo en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral.	47.319,48
432/60102	Urbanismo e arquitectura. Investimento novo en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral.	52.277,40
432/60103	Urbanismo e arquitectura. Investimento novo en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral.	52.898,42
432/611.03	Urbanismo e arquitectura, Investimento de reposición en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	25.240,59
432/601.04	Urbanismo e arquitectura. Investimento novo en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral.	59.392,68
432/601.05	Urbanismo e arquitectura. Investimento novo en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral.	59.807,71
432/601.06	Urbanismo e arquitectura. Investimento novo en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral.	59.729,28
432/601.07	Urbanismo e arquitectura. Investimento novo en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral.	59.954,44
432/601.08	Urbanismo e arquitectura. Investimento novo en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral.	59.125,36
432/601.09	Urbanismo e arquitectura. Investimento novo en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral.	54.960,90
432/601.10	Urbanismo e arquitectura. Investimento novo en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral.	59.822,52
432/601.11	Urbanismo e arquitectura. Investimento novo en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral.	56.200,68
432/601.12	Urbanismo e arquitectura. Investimento novo en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral.	53.024,42
432601.13	Urbanismo e arquitectura. Investimento novo en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral.	59.495,00
511/611.02	Estradas, camiños e vías públicas urbanas. Investimento de reposición en infraestrutura e bens	54.600,00

	dedicados ó uso xeral	
511/611.03	Estradas, camiños e vías públicas urbanas.	59.930,00
	Investimento de reposición en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
511/611.04	Estradas, camiños e vías públicas urbanas.	58.600,00
	Investimento de reposición en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
511/611.05	Estradas, camiños e vías públicas urbanas.	102.530,00
	Investimento de reposición en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
511/611.06	Estradas, camiños e vías públicas urbanas.	59.170,00
	Investimento de reposición en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
511/611.07	Estradas, camiños e vías públicas urbanas.	59.840,00
	Investimento de reposición en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
511/611.08	Estradas, camiños e vías públicas urbanas.	58.110,00
	Investimento de reposición en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
511/611.09	Estradas, camiños e vías públicas urbanas.	41.260,00
	Investimento de reposición en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
511/611.10	Estradas, camiños e vías públicas urbanas.	48.170,00
	Investimento de reposición en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
511/611.11	Estradas, camiños e vías públicas urbanas.	58.800,00
	Investimento de reposición en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
511/611.12	Estradas, camiños e vías públicas urbanas.	50.915,00
	Investimento de reposición en infraestrutura e bens dedicados ao uso xeral	
511/611.13	Estradas, camiños e vías públicas urbanas.	59.850,00
	Investimentos de reposición en infraestrutura e bens dedicados ao uso xeral	
511/611.14	Estradas, camiños e vías públicas urbanas.	59.995,00
	Investimento de reposición en infraestrutura e bens dedicados ao uso xeral.	
511/601.03	Estradas, camiños e vías públicas urbanas.	44.360,00
	Investimento novo en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
511/611.15	Estradas, camiños e vías públicas urbanas.	50.010,00
	Investimento de reposición en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
511/611.18	Estradas, camiños e vías públicas urbanas.	28.726,00
	Investimento de reposición en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
511/611.16	Estradas, camiños e vías públicas urbanas.	23.815,00
	Investimento de reposición en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
511/601.04	Estradas, camiños e vías públicas urbanas.	20.570,00
	Investimento novo en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
511//611.17	Estradas, camiños e vías públicas urbanas.	57.391,29
	Investimento de reposición en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	

432/632.01	Urbanismo e arquitectura. Investimento de94.600,00 reposición en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
432/632.02	Urbanismo e arquitectura. Investimento de60.000,00 reposición en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
432/632.03	Urbanismo e arquitectura. Investimento de129.000,00 reposición en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
432/622.01	Urbanismo e arquitectura. Investimento novo en30.000,00 infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
432/601.14	Urbanismo e arquitectura. Investimento novo en92.180,00 infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
432/611.04	Urbanismo e arquitectura. Investimento de58.592,76 reposición en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
432/601.15	Urbanismo e arquitectura. Investimento novo en59.910,00 infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
432/611.05	Urbanismo e arquitectura. Investimento de58.000,00 reposición en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
432/601.16	Urbanismo e arquitectura. Investimento novo en59.337,95 infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
432/601.17	Urbanismo e arquitectura. Investimento novo en12.633,67 infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
511/227.10	Estradas, camiños e vías públicas urbanas. Outros42.000,00 contratos: limpeza camiños forestais	
511/624.00	Estradas, camiños e vías públicas urbanas.40.000,00 Investimento novo asociado ó funcionamento operativo dos servizos. Elementos de transporte	
432/625.00	Urbanismo e arquitectura. Investimento novo12.000,00 asociado ó funcionamento operativo dos servizos. Mobiliario	
432/625.01	Urbanismo e arquitectura. Investimento novo41.619,06 asociada ó funcionamento operativo dos servizos. Mobiliario	
432/611.06	Urbanismo e arquitectura. Investimento de16.000,00 reposición en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
511/625.00	Estradas, camiños e vías públicas urbanas.6.000,00 Investimento novo asociado ó funcionamento operativo dos servizos. Mobiliario	
452/601.01	Educación física, deportes e esparexemento.79.000,00 Investimento novo en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
452/611.00	Educación física, deportes e esparexemento.10.000,00 Investimentos de reposición en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
442/625.00	Recollida de lixo e limpeza viaria. Investimento30.000,00 novo asociado ó funcionamento operativo dos servizos. Mobiliario	
432/481.00	Urbanismo e arquitectura. Premios.	18.000,00
452/625.00	Educación física, deportes e esparexemento.25.000,00 Investimento novo asociado ó funcionamento operativo dos servizos. Mobiliario	

TOTAL

3.649.561,75 €

2º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto refundido 2/2004 da Lei reguladora das facendas locais, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no taboleiro de edictos deste Concello.

3º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións.  
Os señores reunidos acordan, por unanimidade, reservarse a opinión relativa á aprobación da proposta de acordo para o pleno.”

Sometida a proposta de acordo a votación, obtense o seguinte resultado:

11 votos a favor do CIM, PP, CONCELEIRO NON ADSCRITO e BNG.

Queda aprobada a proposta de acordo relativa ó expediente de crédito extraordinario 1/2007, por unanimidade dos presentes.

#### **5.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE ORZAMENTO DE INGRESOS 1/2007.**

Visto o ditame da Comisión Municipal Informativa de Contas e Facenda do 23 de abril de 2007:

“Dáse conta da proposta da Concellería de Facenda na que se establece:

Proponse á Comisión de Facenda, que pola mesma se ditamine favorablemente o expediente de modificación do orzamento de ingresos núm. 01/07, e se propoña ó Pleno do Concello a adopción de acordo, con fundamento na seguinte

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Na providencia adxunta ó expediente,expóñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Visto o informe e certificado que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sométese a esta Comisión a seguinte

#### **PROPOSTA:**

1º. Ditaminar favorablemente o expediente núm. 01/2007 de modificación do orzamento de ingresos por importe de 30.000,00, modificando á baixa a previsión inicial do concepto 04/397.00 en 30.000,00 euros e aumentando a previsión do capítulo 8 (remanente líquido de Tesourería) nesa mesma cantidade.

2º.-De conformidade co establecido no artigo 169 do Texto Refundido 2/2004 da Lei reguladora das facendas locais, en relación co artigo 20 do R.D. 500/90, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no taboleiro de edictos deste Concello.

3º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións.”  
Os señores reunidos acordan, por unanimidade, reservarse a opinión relativa á aprobación da proposta de acordo para o Pleno.”

Sometida a proposta de acordo a votación, obtense o seguinte resultado:

11 votos a favor do CIM, PP, CONCELEIRO NON ADSCRITO e BNG.

Queda aprobada a proposta de acordo relativa ó expediente de modificación de ingresos 1/2007, por unanimidade dos presentes.

## **6.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO.**

Visto o ditame da Comisión Municipal Informativa de Contas e Facenda do 23 de abril de 2007:

“Dáse conta da proposta da Alcaldía na que se establece:

Vista a proposta formulada pola Concellería de Facenda de modificación das BEO en concreto o anexo de subvencións nominativas introducindo dúas novas subvencións directas.

Visto o informe de fiscalización da Intervención municipal do 18 de abril de 2007.

Esta Alcaldía **PROPÓN** que polo Pleno do Concello, logo do ditame da Comisión de Contas e Facenda, se proceda á adopción dos seguintes acordos:

1º **Modificación do Bases de Execución do Orzamento**, concretamente o anexo das subvencións nominativas co fin de establecer dúas novas subvencións directas con destino ó mantemento do Local Social de Viadeiro e Reitoral de Leiro segundo o seguinte:

BENEFICIARIO	IMPORTE MÁXIMO	DESTINO
Asociación Santa María de Castro (G15260086)	2.000,00 €	Mantemento do Centro Social de Viadeiro
Asociación de Mulleres Rurais “Divino Salvador” de Leiro	2.000,00 €	Mantemento da Casa Reitoral de Leiro

A nova redacción do anexo I de subvencións nominativas quedaría redactado como segue:

### “ANEXO I

#### RELACION NOMINAL DE SUBVENCIONES.

-

**1º Con cargo ás partidas 2007/452/489.01 , que conta cun crédito global de 5.800,00 €, aboaranse as seguintes subvencións nominativas:**

-

<u>ENTE SUBVENCIONADO</u>	<u>IMPORTE MÁXIMO</u>	<u>OBXECTO</u>
<u>-Club Náutico de Miño</u>	<u>5.800,00 €</u>	<u>Mantemento de centro.</u>

-

-

**2º Con cargo ás partidas 2006/451/489.00, 451/48901; 451/48902 e 451/489.05, que contan cun crédito global de 57.150,00 €, aboaranse as seguintes subvencións:**

-

<u>ENTE SUBVENCIONADO</u>	<u>IMPORTE MÁXIMO</u>	<u>OBXECTO</u>
---------------------------	-----------------------	----------------

<u>-AAVV Xarío</u>	<u>5.000,00 €</u>	<u>Mantemento de centro.</u>
<u>-AAVV A Irmandade</u>	<u>8.000,00 €</u>	<u>Mantemento de centro.</u>
<u>- AAVV Anduriña</u>	<u>2.500,00 €</u>	<u>Mantemento de centro.</u>
<u>- AAVV San Paio de Bañobre</u>	<u>2.500,00 €</u>	<u>Mantemento de centro</u>
<u>-AAVV S. Xulian de Carantoña</u>	<u>2.500,00 €</u>	<u>Mantemento de centro.</u>
<u>-Comisións de Festas de Perbes</u>	<u>1.350,00 €</u>	<u>Organización de Festa</u>
<u>- Comisións de Festas de</u>	<u>1.350,00 €</u>	<u>Organización de festa</u>
<u>Callobre</u>	<u>1.350,00 €</u>	<u>Organización de festa</u>
<u>- Comisións de Festas de</u>	<u>1.350,00 €</u>	<u>Organización de festa</u>
<u>Bemantes</u>	-	-
<u>- Comisións de Festas de Ponte</u>	<u>1.350,00 €</u>	<u>Organización de festa</u>
<u>do Porco</u>	<u>1.350,00 €</u>	<u>Organización de festa</u>
<u>-Comisións de Festas de</u>	<u>1.350,00 €</u>	<u>Organización de festa</u>
<u>CArantoña</u>	<u>18.000,00 €</u>	<u>Organización de festa</u>
<u>- Comisións de Festas de Castro</u>	<u>2.500,00 €</u>	<u>Organización de festa</u>
<u>- Comisións de Festas de Leiro</u>	<u>1.350,00 €</u>	<u>Organización de festa</u>
<u>- Comisión de Festas de Miño</u>	<u>1.350,00 €</u>	<u>Organización de festa</u>
<u>-Confraría de Pescadores de</u>	<u>2.000,00 €</u>	<u>Mantemento de centro</u>
<u>Miño</u>	-	<u>social de Viadeiro</u>
<u>-Comisión de S. Xoán de</u>	<u>2.000,00 €</u>	<u>Mantemento da casa</u>
<u>Vilanova</u>		<u>rectoral de Leiro</u>
<u>-Comisión de S. Paio de Bañobre</u>		
<u>-Asociación Santa María de</u>		
<u>Castro (G15260086)</u>		
<u>-Asociación de mulleres rurais</u>		
<u>“Divino Salvador” de Leiro</u>		
<u>(G70090980)</u>		

-

3º Con cargo á partida 313/48902 cun crédito global de 1.000,00 €, aboaranse, como máximo, as seguintes cantidades

-

<u>ENTE SUBVENCIONADO</u>	<u>IMPORTE MÁXIMO</u>	<u>OBXECTO</u>
<u>-Asociación de Padres de</u> <u>Personas con parálisis cerebral</u> <u>(ASPACE)</u>	<u>1.000,00 €</u>	<u>Mantemento centro</u>

-

**4º Con cargo á partida 463/48900 cun crédito global de 900,00 € aboaranse, como máximo as seguintes cantidades:**

<b><u>ENTE SUBVENCIONADO</u></b>	<b><u>IMPORTE MÁXIMO</u></b>	<b><u>OBXECTO</u></b>
<b><u>- Cruz Vermella Española</u></b>	<b><u>900,00 €</u></b>	<b><u>Actividades de asistencia social</u></b>

-

**Segundo:** De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto refundido 2/2004 da Lei reguladora das facendas locais, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no taboleiro de edictos deste Concello.

**Terceiro:** O expediente entenderase definitivamente aprobado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións. Os señores reunidos acordan, por unanimidade, reservarse a opinión relativa á aprobación da proposta de acordo para o pleno.”

Sometida a proposta de acordo a votación, obtense o seguinte resultado:

11 votos a favor do CIM, PP, CONCELEIRO NON ADSCRITO e BNG.

Queda aprobada a proposta de acordo relativa á modificación das Bases de Execución do Orzamento, por unanimidade dos presentes.

**7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA DE REMODELACIÓN DA RÚA DA CARREIRA.**

Visto o ditame da Comisión Municipal Informativa de Asuntos Xerais do 23 de abril de 2007:

“Dáse conta da proposta de Alcaldía na que se establece:

Visto o expediente tramitado para a contratación conxunta da redacción do proxecto e execución das obras de “Remodelación da R/Carreira de Miño” da que foi adxudicataria a empresa Espina y Delfín coa que se formalizou o contrato administrativo o día 28/07/06.

Visto que o prazo proposto polo adxudicatario para a redacción do proxecto de execución era inferior a un mes dende a data de formalización do contrato.

Visto que segundo o determinado na cláusula 13.3 do prego de cláusulas administrativas “*Una vez elaborado el proyecto en plazo, el contratista lo presentará al órgano de contratación para su supervisión, aprobación y replanteo, teniendo un plazo máximo de dos meses para, en su caso, la subsanación del proyecto. En el supuesto de que la corporación observare defectos o referencias de precios inadecuados en el proyecto recibido requerirá su subsanación por el contratista, en un plazo máximo de dos meses, sin que, hasta tanto, y una vez se proceda a nueva supervisión, aprobación y replanteo del proyecto pueda iniciarse la ejecución de la obra correspondiente.*”

Visto que segundo resulta do expediente, a acta de comprobación do trazado de planta (*replanteo*) foi formalizada con data do 21/11/06 sen que, con carácter previo,

se procedera á aprobación do proxecto de execución, faise necesario dar cumprimento ó esixido no prego de cláusulas administrativas e proceder á aprobación do proxecto de execución corrixindo este defecto.

Considerando que a competencia para a aprobación do proxecto corresponde ó Pleno segundo o determinado no prego de cláusulas administrativas, esta Alcaldía propón ó Pleno do Concello a **adopción do seguinte acordo:**

1º Proceder á aprobación do proxecto de execución das obras de Remodelación da rúa da Carreira presentado pola adxudicataria Espina y Delfín, S.L.

Os señores reunidos acordan, por unanimidade, reservarse a opinión relativa á aprobación da proposta de acordo para o Pleno.”

Sometida a proposta de acordo a votación, obtense o seguinte resultado:

10 votos a favor do CIM, PP, CONCELLEIRO NON ADSCRITO.

1 voto en contra do BNG.

Queda aprobada a proposta de acordo relativa á aprobación do proxecto de execución da obra de remodelación da Rúa da Carreira, por maioría absoluta.

Non habendo máis asuntos, a Presidencia levanta a sesión ás trece horas e quince minutos, redactándose a presente acta de todo o cal, eu a secretaria, dou fe.

O presidente

A secretaria municipal